

# Cultural:


Pazo da Cultura e Teatro Principal Pontevedra

DE MARZO  
A XUÑO  
2010

*primavera*



Pazo da Cultura de  
**PONTEVEDRA**  
Concello de Pontevedra



## Fito & Fitipaldis

---

+ La Cabra Mecánica

**VENRES 19 MARZO 20.30 h**

RECINTO FEIRAL | MÚSICA

ENTRADA: 23 EUR ANTICIPADA,  
26 EUR EN BILLETEIRA.

VENDA ANTICIPADA NO TELÉFONO  
902 43 44 43 E EN [WWW.CAIXAGALICIA.ES](http://WWW.CAIXAGALICIA.ES)

Fito & Fitipaldis presentarán no Recinto Feiral os temas do seu último e galardonado traballo: *Antes de que cuente diez*. Os bilbaínos veñen de recibir tres Premios da Música o pasado 4 de marzo.

Con este precedente, o concerto pontevedrés enmárcase dentro dunha exitosa xira na que se teñen agotado os billetes en non poucas ocasións. La Cabra Mecánica será o grupo teloneiro.



## Emilio Rúa

---

**SÁBADO 27 MARZO 20.30 h**

TEATRO PRINCIPAL | MÚSICA

ENTRADA: 6 EUR.

VENDA ANTICIPADA NO TELÉFONO  
902 504 500 E EN [WWW.SERVINOVA.COM](http://WWW.SERVINOVA.COM)

Concerto de presentación do terceiro traballo discográfico deste cantautor ourensán de voz aguda e ás veces rasgada, que gusta de acompañarse dos sons da guitarra e a harmónica. Rúa presentará unha vez máis a súa persoal revisión de temas tradicionais coma Lela ou composicións de Magín Blanco ou Uxía, nun concerto no que debullará os 12 temas de Interior, o seu novo disco.

Este traballo contou coa participación de coñecidos músicos de Galicia e Portugal xunto a colaboracións destacadas coma a de Luís Tosar, Guadi Galego, Toni Lomba ou Manuel Rivas de quen utiliza a súa poesía para porlle música.



## Berroguetto


VENRES 9 ABRIL 21.00 h |  
PAZO DA CULTURA | MÚSICA

ENTRADA: 8 EUR ANTICIPADA, 10 EUR EN BILLETEIRA. VENDA ANTICIPADA NO TELÉFONO 902 504 500 E EN [WWW.SERVINOVA.COM](http://WWW.SERVINOVA.COM)

**Concerto de presentación do seu último disco: *Kosmogonías***

*Kosmogonías* lévanos ao momento de partida por excelencia, ao Big-Bang, ao triunfo da materia sobre a antimateria. O berro inicial do universo que coa súa radiación chega ata nós. *Kosmogonías* é unha reflexión entre a humanidade e o universo, unha chamada chea de optimismo cara á consecución dun sistema de organización máis xusto.

Berroguetto párase e destaca todas aquelas vontades colectivas ou individuais que cos seus xestos e actitudes traballan para mellorar a súa contorna. O seu directo transcende máis aló do son, supón unha experiencia na que se une a música e a imaxe. Cinco sentidos, cinco discos.



## Zenet

XOVES 29 ABRIL 20.30 h  
TEATRO PRINCIPAL | MÚSICA

ENTRADA: 15 EUR ANTICIPADA, 18 EUR NA BILLETEIRA. VENDA ANTICIPADA NO TELÉFONO 902 504 500 E EN [WWW.SERVINOVA.COM](http://WWW.SERVINOVA.COM)

Tras gañar o premio ao Artista Revelación nos XIV Premios da Música hai apenas unhas semanas, o “crooner” andaluz, Toni Zenet, presenta o seu primeiro disco en solitario: *Los Mares de China*. Temas que poderían terse escrito perfectamente nas décadas dos 20, 30 ou 40 do século pasado pero cun carácter moi actual, compoñen este traballo no que se misturan, como se dunha viaxe polo mundo se tratara, tinturas de copla andaluza, tango arxentino, sons cubanos e jazz norteamericano. Zenet plantexa unha fusión natural en temas que soan como “de toda a vida” pero que non se fixeron até o de agora, unha proposta brillante e orixinal, unha “viaxe natural aos sentidos...”



## Joan Manuel Serrat

VENRES **30 ABRIL 21.00 h**

PAZO DA CULTURA | MÚSICA

ENTRADA: 30 EUR.

VENTA ANTICIPADA NO TELÉFONO

902 43 44 43 E EN [WWW.CAIXAGALICIA.ES](http://WWW.CAIXAGALICIA.ES)

Joan Manuel Serrat, unha das figuras máis salientables da canción moderna tanto en lingua española coma catalá, volve homenaxear ao poeta Miguel Hernández no seu novo disco, “Hijo de la luz y de la sombra”, con motivo do centenario do seu nacemento en 2010. En palabras do propio Serrat, “hai creacións de xuventude como ‘La palmera levantina’, ‘Ay del ay por el ay’, ‘El silbo del dale’, ‘Las abarcas desiertas’ ou ‘Tus cartas son un vino’; tamén outros da guerra, como ‘Canción del esposo soldado’, ‘El hambre’ ou unha homenaxe que fixo aos brigadistas internacionais que titulei simplemente ‘Canción’”. Estes temas e outros clásicos de Serrat soarán en directo na súa xira “Hijo de la luz y de la sombra”.



## Cantajuegos

DOM. **2 MAIO 12.00 h / 18.00 h**

PAZO DA CULTURA | MÚSICA

ENTRADA: 15 EUR.

VENTA ANTICIPADA NO TELÉFONO

902 504 500 E EN [WWW.SERVINOVA.COM](http://WWW.SERVINOVA.COM)

Dentro dunha ampla xira de actuacións chega a Pontevedra este divertido e exitoso musical para público familiar no que se combinan xogos, acrobacias e cancións. Está especialmente deseñado para que os nenos e nenas aprendan xogando e bailando. Cantajuegos busca divertir aos pequenos espectadores fomentando a interacción co público ensinándolles a través da música e o xogo nocións de ritmo e psicomotricidade ademais de reforzar o seu mundo afectivo, a identificación e a empatía co resto de nenos. O musical basea os seus contidos nos 5 dvds do mesmo nome existentes no mercado, dos que xa se venderon máis de 90.000 copias.



## Son de seu

DOMINGO **9 MAIO 20.30 h**

TEATRO PRINCIPAL | MÚSICA

ENTRADAS: 10 EUR

VENDA ANTICIPADA NO TELÉFONO  
902 504 500 E EN [WWW.SERVINOVA.COM](http://WWW.SERVINOVA.COM)

Sondeseu, a primeira orquestra folc de Galicia, trae ata o Principal os sons do seu último traballo discográfico. Un total de 35 músicos interpretarán xunto aos temas deste disco, outros que forman parte do seu repertorio habitual, composto por pezas tradicionais e contemporáneas, dende un espírito aberto, un timbre fundamentalmente acústico, instrumentos construídos na súa maioría por artesáns do país e arranxos contemporáneos na liña do xa clásico folc galego. A coidada presenza escénica constitúe de por si un espectáculo orixinal e vistoso cun son potente, cheo de enerxía e matices.



## Homenaxe á Señora Carmen

VENRES **21 MAIO 21.00 h**

PAZO DA CULTURA | MÚSICA

ENTRADAS: 10 EUR

VENDA ANTICIPADA NO TELÉFONO  
902 504 500 E EN [WWW.SERVINOVA.COM](http://WWW.SERVINOVA.COM)

A Señora Carmen, tesouro vivo da música tradicional galega e compoñente de Malvela vén de sacar, aos 84 anos, o seu primeiro traballo discográfico en solitario *Na flor dos meus anos*. Aproveitando esta circunstancia, réndeselle esta homenaxe na que estará acompañada por Uxía Senlle e o grupo Malvela, así coma outros moitos artistas e convidados. O contacontos Celso Fernández Sanmartín actuará coma fío condutor do espectáculo, que terá na parte musical seis instrumentos sobre o escenario: teclados, tamboril, bombo, gaita, frutas e percusión tradicional. O audiovisual desempeñará tamén un destacado papel, con pezas de vídeo creadas expresamente para o evento.



## Presentación / concerto


---

*"O Quinteto Monterrey de José Posada. Nos xardíns da Tropical"*

SÁBADO **19 XUÑO 21.00 h**

TEATRO PRINCIPAL | MÚSICA  
ENTRADA LIBRE ATÉ COMPLETAR  
CAPACIDADE

O Quinteto Monterrey foi un grupo musical creado en Cuba polo gaiteiro galego José Posada a principios do século XX. A súa historia recóllese nun libro que acaba de publicar o gaiteiro pontevedrés, Óscar Ibáñez. O Teatro Principal acollerá este concerto–presentación no que Óscar Ibáñez interpretará temas do Quinteto Monterrey cos músicos Miguel Dopazo (clarinete), José M. López (saxofón alto), Eduardo Seoane (trompeta), Luís Rodríguez (saxofón tenor), Andrés Vilán (caixa) e Alberto Costas (bombo con pratos). No acto intervirán a concelleira de Cultura, Lola Dopico, e o editor Javier Jurado.



## Banda de Música de Pontevedra

---

ENTRADA GRATUÍTA ATÉ  
COMPLETAR CAPACIDADE

*Isaac Albéniz*

XOVES **11 MARZO 21.00 h**  
Teatro Principal

*Música galega do s. XXI*

XOVES **25 MARZO 21.00 h**  
Teatro Principal

*BMP e Xoves Intérpretes*

XOVES **8 ABRIL 21.00 h**  
Teatro Principal

*Monográfico Ernesto Campos*

XOVES **29 ABRIL 21.00 h**  
Pazo da Cultura

*Letras Galegas.*

*Homenaxe aos nosos  
compositores I*

XOVES **13 MAIO 21.00 h**  
Pazo da Cultura

*Clausura ciclo de butaca 2010*

XOVES **27 MAIO 21.00 h**  
Pazo da Cultura



## Festival *Queremos Galego*

SÁBADO **17 ABRIL 19.30 h**  
RECINTO FEIRAL | MÚSICA

ENTRADA: 10 EUR ANTICIPADA, 12 EUR BILLETEIRA

## Os 80, a moda en Galicia. Singularidades

DO **8 DE ABRIL AO 4 DE XULLO**  
PAZO DA CULTURA | EXPOSICIÓN

HORARIO DE APERTURA: DE MARTES A VENRES DE 17.00 A 21.00 H. SÁBADOS DE 11.00 A 14.00 H. E DE 17.00 A 21.00 H. DOMINGOS E FESTIVOS DE 11.00 A 14.00 H. LUNS PECHADO.

Exposición coa que se quere ofrecer unha ampla visión sobre os distintos aspectos e condicións que conseguiron transformar ao sector da moda feita en Galicia nos anos 80 na industria que é na actualidade.

## XIV Mostra de Teatro Aficionado

TEATRO PRINCIPAL | TEATRO

ENTRADA: 2 EUR. ENTRADAS Á VENDA NA BILLETEIRA DENDE UNHA HORA ANTES.

### *Se o sei non volvo a casa*

Xenio

SÁBADO **17 ABRIL 20.30 h**

### *Seis son sete*

Aula Municipal de Teatro

DOMINGO **18 ABRIL 20.30 h**

### *A farsa do avogado*

Teátrica

DOMINGO **11 ABRIL 20.30 h**

### *O achado do castro*

Arume

DOMINGO **25 ABRIL 20.30 h**

# Cultural:

www.caixanova.es  
902 504 500



Consulta toda a programación e descarga o folleto en PDF en [www.pazodacultura.org](http://www.pazodacultura.org), ou subscríbete ao boletín electrónico enviando un correo a [comunicacion@pazodacultura.org](mailto:comunicacion@pazodacultura.org)

## Horarios de venda en billeteira

Para os espectáculos no **Teatro Principal**, a billeteira abre unha hora antes de cada función. No caso das representacións celebradas no **Pazo da Cultura**, a venda de localidades realizarase na billeteira desde dúas horas antes da función. *A programación pode sufrir cambios e cancelacións de última hora*

## Pazo da Cultura de Pontevedra

Teléfono 986 83 30 61  
Rúa Alexandre Bóveda, s/n  
Pontevedra



CONCELLO DE  
**PONTEVEDRA**  
Concellaría de Cultura



**pontevedra  
cultura**

[www.pontevedracultura.org](http://www.pontevedracultura.org)



Pazo da Cultura de  
**PONTEVEDRA**  
Concello de Pontevedra



**TEATRO  
PRINCIPAL**  
Concello de Pontevedra